



- A ver cántoche agora a do paxaro. O paxaro cando chove mete o rabo na silveira. E en que música? Cada un na súa música, ou?

IV 698c

Ai que demo de paxaro,
onde foi poñelo niño?
Ai que demo de paxaro,
onde foi poñelo niño?
Á carballeira do cura,
alí naquel carballiño.

Ailalá.

- Outra na mesma música? Outro paxaro? No mesmo non val a pena.
- Se sabelo ritmo si, senón canta unha que sepas.
- Canto árdelle o eixo?
- Canta!

I 315b

Árdelle o eixo,
árdelle o carro,
árdelle o eixo,
hai que mollalo.

Hai que mollalo,
hai que mollalo.
Árdelle o eixo
e árdelle o carro.

O paxaro cando chove
mete o rabo na silveira.
O paxaro cando chove
mete o rabo na silveira.

Así fai a boa moza,
así fai a boa moza.

Cando non ten quen a queira.

Árdelle o eixo
e árdelle a buxa.
Móllao no río
pa que non fuxa.



Pa que non fuxa,
pa que non fuxa.
Árdelle o eixo
e árdelle a buxa.

VI 1142

Quiridiña vela, vela
Quiridiña vela, vela.
Faime a cama quiridiña,
faime a cama quiridiña
que me quero deitar nela.

- Máis? Eu non sabía esas estrofas.